



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Rapaza, si vas  
ó río a lavar  
non torza-la roupa  
que a vas rachar-e.

Debaixo da ponte  
víronte pasar  
as pernas, María,  
viñas de lavar,  
viñas de lavar,  
a cara tamén  
por debaixo da ponte  
da vía do tren.

Neniñas (Rapazas) d'alá de baixo  
vide lavar ó meu río,  
qu'auguiña desta fonte  
nace no meu labradío.

Unha vella dixo á ioutra  
polo borato da porta,  
arrégghla-la túa vida  
qu'a miña nada ch'importa.

Costureira non a quero,  
tecelana non ma dan,  
a filla do labrador  
sabe cosecha-lo pan.

Costureira non a quero  
si ma dan ríome dela  
canto can e ghata hai  
durmen na cama con ela.

Costureiriña bonita,  
dam'unha agulla de prata,  
heiche de dar un alfiler  
do corazón que me mata.



Costureiriña bonita,  
dáme das túas agullas,  
heiche de dar alfiler-e  
para prende-las costuras.

/: Maruxiña do Portelo, :/  
a túa nai xa llo dixen,  
a teu pai téñolle medo.

O cura de Santa Cruz  
dacabalo dunha burra,  
na primeira ramalleira  
deull'unha sacudidura.

O crego de Bastavales  
a maila da súa sorte  
levaronll'a enterrar  
co caralliño po norte.

O cura desta parroquia  
non é cura qu' é un señor  
que confesou a criada  
debaixo do cobridor (-e).

O cura de Vigho é xastre,  
o d'Ourense zapateiro,  
o de Noia afilador,  
o de Marín mariñeiro.

O cura cando vai fora  
deixalle dit'á criada  
veña cedo, veña tarde,  
déitate na miña cama.

A castaña sabe ben  
o viño vaise bebendo,  
o cariño vai entrando,  
o creto vaise perdendo.

A castaña no ourizo  
quixo rir e rabeou  
caeu do castaño abaixo  
mira que pagho levou.



Unha volta polo medio,  
outra polo d'arredor,  
así fai o que ben baila  
así fai o bailador.

Ahí che vai a derradeira,  
ahí che vai a do remate,  
o que diga que vai mal  
que mala morte cho mate.  
Ai lalala...

/: Pera podre :/  
n'hai de ser  
A mazá de madura  
para ti n'hai caer.

Teñ' unha herba na horta  
que lle chaman herbaíña  
pa ti falar comigho  
vai sacudir a morriña.